



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA TRECE DE MAIO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día catorce de abril de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000392 de don Antonio Barros Araujo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de *legalización de muro de contención* en Ribeira (Expediente núm.: 2015/U008/000006), de aproximadamente 22 metros de lonxitude, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1), segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300300NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Deberase enfuscar e pintar a parte de fábrica en branco ou tons suaves acordes co medio rural.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e un euros con dez céntimos (#61,10#)



2.2.- Instancia núm. 201500000000445 de dona María Josefa Rey Lamas.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para obras de construción de foxa para recollida de zurros en explotación gandeira, en Ribeira nº 14 (Expediente núm.: 2015/U008/000007), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1) no vixente PXOM, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don José M. Pena Alonso, cun orzamento de 12.643,52 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300300NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Levaranse a cabo de acordo co proxecto presentado .

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos cincuenta e dous euros con oitenta e sete céntimos (#252,87#).

2.3.- Comunicación previa de dona M^a. Josefa Fontán Clemente. (Expediente 2015/U017/000010)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000010 de comunicación previa presentado por dona María Josefa Fontán Clemente para rehabilitación de vivenda en Sol – Santa Cruz de Ribadulla, consistente en cambiar a tella nunha superficie aproximada de 150 m², cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa, debendo en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde, e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento doce euros con corenta e catro céntimos (#112,44#).

2.4.-Comunicación previa de don Eligio Canicoba Doejo. (Expediente 2015/U017/000016)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000016 de comunicación previa presentado por don Eligio Canicoba Doejo para rehabilitación de alboio existente, consistente en reparación de tellado, cambiando a uralita existente por uralita e tella, nunha superficie aproximada de 70 m², en Buxeiros de Abaixo –San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e catro euros con oitenta céntimos (#74,80#).



2.5.- Comunicación previa de don José Núñez Alvela. (Expediente 2015/U007/000018)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000018 de comunicación previa presentado por don José Núñez Alvela para rehabilitación de vivenda, consistente no cambio do tellado colocando tella nova, nunha superficie aproximada en planta de 50 m², en Sarandón –San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia núm. 201500000000598 de Agrotorimena S.L.

Téndose solicitado por Agrotorimena, SL, representado por don José A. Saez Toribio, licenza de actividade de *almacén y distribución de produtos hortofrúctícolas* en Castrelo, 3 (San Pedro de Vilanova).

Á vista do contido do expediente e dos informes emitidos para os efectos, incluído o emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

A Xunta de Goberno acorda:

1.- Licenza da actividade:

Concederlle a Agrotorimena S.L., licenza de actividade para *almacén y distribución de produtos hortofrúctícolas* en Castrelo, 3 (San Pedro de Vilanova), nos termos do expediente tramitado e do proxecto presentado para os efectos, asinado por Antonio Sabucedo Costa en calidade de Arquitecto.

O prazo para o comezo da actividade será de 1 ano a contar dende o acordo de concesión.

Non se poderá iniciar a actividade sen que se teña obtivo a previa acta de posta en funcionamento. A tal efecto o titular deberá solicitala e presentar a documentación precisa para garantir que a instalación se axusta ao proxecto aprobado e á licenza concedida.

2.- Licenza da obra:

Non se prevén obras.

3º.- Acordo, se procede, sobre renovación autorización para funcionamento de furanchos.

3.1.- Instancia número 298/15 de don José M^a Barrio Fernández.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don José M^a. Barrio Fernández, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Tomonde, 12 – Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).



Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 30 de marzo ao 30 de xuño de 2015.

Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

3.2.- Instancia número 399/15 de Manuel Cabaleiro Tosar.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Manuel Cabaleiro Tosar, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 3 – San Miguel de Sarandón (Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 6 de abril ao 30 de xuño de 2015.

Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación núm. 1 e última da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros*.

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Acondicionamento de camiños en San Xián, Illobre, San Fins e outros*, incluída no *Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014*, cofinanciado polo Feader (Expediente PM14-32132-0179), e da factura núm. 45 da empresa adxudicataria das obras, Martínez Montes e Hijos, S.L, por importe de cento cinco mil cincocentos doce (#105.512,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente.

4.2.- Certificación núm. 2 e final da obra de *Mellora da cuberta do Centro Sociocultural de Vedra*.

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra de *Mellora da cuberta do Centro Sociocultural de Vedra*, financiada parcialmente pola Deputación dentro da convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos culturais, durante o ano 2014, e máis da factura núm. 66 da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de dezanove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (#19.999,99#) correspondentes á anualidade 2015.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura correspondente e así mesmo á vista do informe técnico favorable do director da obra, acorda aprobar a devolución da fianza constituída polo anticipo a conta por abasto de materiais



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



correspondente á certificación núm. 1, ao estar descontada tal e como se analiza na relación valorada incluída na certificación nº 2.

4.3.- Certificación única da obra de *Arranxos en San Mamede, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e outros*.

Dáse conta da certificación única da obra de *Arranxos en San Mamede, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e outros, incluída no DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos, anualidade 2014*, levada a cabo por administración, por importe de sesenta e catro mil setecentos sesenta e dous euros con trinta e oito céntimos (#64.762,38#), sendo a directora da obra a arquitecta dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
2015/031	16/04/2015	4.573,80	Xestedec Comunicación	Realización das <i>Xornadas Turístico-Gastronómicas de Vedra 2015</i> (programa <i>Vedraturismo</i> subvencionado pola Deputación)
FE15321170026801	27/03/2015	338,42	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Dozar período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026800	27/03/2015	391,70	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á piscina municipal período 18/12/2014-26/02/2015
FE15321170026798	27/03/2015	262,80	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á gardería municipal período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026807	27/03/2015	294,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol (contrato 139356988) período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026806	27/03/2015	45,54	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026808	27/03/2015	186,81	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Sol (contrato 139809780) período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026805	27/03/2015	1.147,96	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026803	27/03/2015	114,55	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública de Fufín período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026809	27/03/2015	58,35	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz período 18/12/2014-16/01/2015
FE15321170026810	27/03/2015	308,24	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 31/01/2015-26/02/2015
FE15321170026797	27/03/2015	946,43	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede período 18/12/2014-25/02/2015
FE15321170026802	27/03/2015	1.008,86	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 31/01/2015-25/02/2015
FE15321170026804	27/03/2015	374,74	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial período 31/01/2015-25/02/2015
07/C14-15	29/04/2015	270,00	Sanchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes abril



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



115/2015	30/04/2015	2.992,87	Construcciones Icafer, S.L.	Obras de formación de canal con colocación de reixa realizadas no cemiterio de San Fins de Sales
116/2015	30/04/2015	1.253,56	Construcciones Icafer, S.L.	Apertura de cuneta con colocación de tubos, reixa e arqueta na vía pública na saída do cemiterio de San Fins de Sales
44	30/04/2015	2.083,62	Martinez Montes e Hijos S.L.	Construción de canle e cuneta de formigón en pista municipal no lugar de Nande-San Fins
35	30/04/2015	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalacións e actividades no polideportivo municipal mes abril (prazo 19/48)
81	30/04/2015	6.172,30	Ana Naya Garcia. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes abril
14	04/05/2015	15.548,50	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	Realización obra acondicionamento local multiusos do campo fútbol Santa Cruz para dotalo de ximnasio, sala de estudos e sala de espera
12	15/04/2015	6.098,40	Lopez Carro Jose Juan - MARLO	Subministro de dúas marquesiñas (3m e 4m) modelo Vedra e instalación nos lugares de Alvella e Tomonde en Santa Cruz
364/15	29/04/2015	122,74	Grafica de Asturias S.L.	Material de oficina subministrado en abril para servizos sociais e oficinas xerais
004/15	30/04/2015	1.100,00	Villasenin Iglesias Ruben	Servizo de monitor no marco do programa <i>Conxuga</i> mes abril
40	23/04/2015	414,01	Fernandez Neira David	Servizo de monitor na casa da Terceira Idade durante 7 xornadas no mes de abril
7	17/04/2015	145,20	Arca Fuentes María Dolores	Impartición do curso de teares e trapiño mes marzo
Recibo 150428/15	28/04/2015	213,43	Fegamp	Cota do concello de Vedra de asociado á Fegamp correspondente ao exercicio 2015
0884/3218/8120	23/04/2015	90,11	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores mercados en abril
4001547184	30/04/2015	386,93	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e paquetería prestados en abril
14/2015	24/04/2015	2.469,91	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.	Servizos de emisión de informes e realización de xestións urbanísticas municipais prestados no mes de abril
15/4	30/04/2015	1.685,14	Freiria Suarez Jose Maria	Servizo de limpeza do centro de saúde e de escolas unitarias prestado no mes de abril
93287524	06/05/2015	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina fotocopidora da planta baixa mes maio
1092	10/04/2015	181,71	Montaxes Electricos Fernandez, S.L.	Instalación dun conmutador na cantina do campo da festa de San Miguel de Sarandón
1096	06/05/2015	612,94	Montaxes Electricos Fernandez, S.L.	Subministro e instalación dun novo punto de alumeadado público en Galegos-Santa Cruz
4	30/04/2015	1.314,87	Suarez Barreiro Pilar	Servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes abril



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



15/1237	30/04/2015	937,42	Exclusivas Rer, S.L.	Placas de policarbonato subministradas en abril para a reparación de marquesiñas municipais
549	07/05/2015	80,00	Restaurante Roberto	Menús correspondentes ao sorteo realizado en <i>Feiravedra 2015</i> na Festa do Viño
15-545	30/04/2015	510,16	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en abril
15-553	30/04/2015	30,03	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada de obras subministrada en abril
15-554	30/04/2015	6,80	Puente Ulla S.L.	Produto para mantemento do tractor J. Deere 2564BDT subministrado en abril
15-555	30/04/2015	268,59	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado o 27 de abril
15-556	30/04/2015	817,21	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado do 7 ao 20 de abril
15-557	30/04/2015	62,92	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada en abril
15-558	30/04/2015	7,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para maquinaria utilizada no mantemento do CEIP de Santa Cruz subministrada o 24 de abril
Recibo 089461030002	01/05/2015	38,66	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a <i>Canal +</i> para a casa da Terceira Idade mes maio
Varias fras.	06/05/2015	857,00	Acredores diversos	Gastos da excursión da Terceira Idade á Coruña o día 06/04/2015 (sufragados coa achegas dos participantes)
A/10	01/05/2015	253,50	Labralia - Comercial Agrícola Vedra S.L.	Produtos para actividades culturais municipais (Entroido, camelia, feiravedra) subministrados no 1º cuadrimestre/2015
A00027400	31/03/2015	6,88	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	Servizo prestado o día 31/03/2015 dende o C.O. de Veterinarios da Coruña ata Vedra (recoller lector microchip para PC)
602	05/05/2015	192,39	Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña	Subministro dun lector de microchip para Protección Civil para a recollida de cans abandonados
0229/E15	30/04/2015	700,66	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor J. Deere E2564BDT realizadas no mes de abril
0228/E15	30/04/2015	258,95	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do tractor Lamborghini E9223BBB realizadas no mes de abril
0230/E15	30/04/2015	831,44	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do remolque de obras e das rozadoras avanzada, lateral e de arrastre realizadas no mes de abril
1513	30/04/2015	2.462,35	Lopez Carro Jose Juan - MARLO	Subministro e instalación dunha marquesiña de 3m modelo Vedra no lugar de Sarandón-San Miguel
1514	04/05/2015	2.462,35	Lopez Carro Jose Juan - MARLO	Subministro e instalación dunha marquesiña de 3m modelo Vedra no lugar de Bazar-Trobe
2015303	04/05/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento á iluminación pública durante o mes abril



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



GC000013	25/02/2015	600,00	Maeve McLoughlin	Impartición de clases extraescolares de inglés no CEIP de Santa Cruz mes febreiro/2015
GC000014	30/04/2015	300,00	Maeve McLoughlin	Impartición de clases extraescolares de inglés no CEIP de Santa Cruz do 14 ao 30 de abril/2015
A15/186	08/05/2015	698,78	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Impresión, subministro e tramitación na XEZ e na OCE das papeletas para as Eleccións Locais do 24 de maio de 2015
297	06/05/2015	2.803,57	Lumigal, S.L.	Subministro e colocación de 11 rótulos publicitarios para o programa <i>Inverturismo Vedra 2015</i> (cofinanciado por Deputación)
M7/2015	08/05/2015	500,00	Couto Rendo Rocio	Impartición de clases para obtención do graduado escolar dentro do programa de <i>Educación de Adultos</i> do Concello mes abril
Recibín	07/05/2015	50,00	Acredores diversos	Axuda de custo e desprazamento de Ana Vázquez Martínez por impartición de charla dentro da <i>Escola de Saúde da Terceira Idade</i>
2015/365	30/04/2015	10,91	Perez Fernandez Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	Nota simple T77CM12P emitida o día 10/04/2015 para o departamento de urbanismo
Liquidación		22,50	Canedo de la Torre María	Quilometraxe por viaxes realizados os días 28/04/2015 e 04/05/2015 para xestións na Xunta Electoral de Zona en Fontiñas-Santiago de Compostela
		67,88	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		42,00	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		91,50	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		194,25	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril
		48,25	Vilariño Rodríguez Mª Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes abril

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia

Dáse conta das seguintes Resolucións da Presidencia do mes de abril:

Nº Decreto	Data	Asunto
150	06/04/2015	Trienios persoal municipal
151	06/04/2015	Adxudicación contrato da obra de creación de infraestruturas de uso público: dous parques destinados á infancia en Vedra a INTECNER S.L
152	06/04/2015	Delegación da Alcaldía na Tenente de Alcalde, Mª. Jesús Piñeiro Caldelas, o 07/04/2015
153	06/04/2015	Convocatoria da Mesa de Contratación e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		designación do técnico da obra de Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra do POS 2015
154	06/04/2015	Autorizando corte tráfico nas vías municipais e uso da parcela 1064 para a festa do viño da Ulla
155	06/04/2015	Autorización corte tráfico nas vías municipais en Ponte Ulla con motivo da celebración da festa de San Xosé Obreiro
156	07/04/2015	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Alberto Iglesias Simeao
157	08/04/2015	Cambio titularidade recibos taxa recollida de lixo e sumidoiros de vivenda sita en Ortigueira nº 4
158	08/04/2015	Ordenando a incorporación ao inventario municipal de bens da furgoneta financiada para a brigada de obras financiada pola Deputación Provincial mediante convenio
159	10/04/2015	Clasificación ofertas presentadas para a obra de Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e San Fins de Sales do POS 2015
160	13/04/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Pérez Serrano
161	14/04/2015	Concesión praza gardería municipal ao menor Brandán Pérez
162	14/04/2015	Concesión praza gardería municipal á menor Ariana Claro Torres
163	15/04/2015	Cambio titularidade recibos taxa lixo correspondentes ás vivendas núms. 3 e 4 de Pousada de Abaixo -Vedra
164	15/04/2015	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes de don Alfonso Fernández Orosa
165	15/04/2015	Aprobación cadro de características e anexo V da obra de Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla do PAI 2015
166	15/04/2015	Aprobación expediente de contratación de obras de Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla
167	15/04/2015	Concesión praza gardería á menor Daniela Barco
168	16/04/2015	Rexeitando factura
169	16/04/2015	Concesión praza gardería curso 2014-2015 a Noela
170	16/04/2015	Adxudicación obra de ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de sales e San Fins de Sales do POS 2015
171	20/04/2015	Ampliación SAF a Erundina Rodríguez García
172	20/04/2015	Clasificación ofertas obra de Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra do POS 2015
173	20/04/2015	Alta padrón municipal de habitantes de dona Noelia Antelo Romero
174	21/04/2015	Incorporación SAF- Dependencia de Dolores López Pedreira
175	23/04/2015	Autorización festexos de San Pedro Mártir en Merín



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



176	23/04/2015	Autorización corte de pistas en Merín con motivo das festas
177	23/04/2015	Alta padrón municipal de habitantes de Jorge Calviño López
178	24/04/2015	Autorización celebración festas en Ponte Ulla o 1 de maio
179	24/04/2015	Designación coordinador de seguridade e saúde das obras do POS 2015 e da obra de parques infantís
180	24/04/2015	Contratación obras de melloras no campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla a Luís y Alfonso S.C.
181	27/04/2015	Adxudicación obra de Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra do POS 2015 a OVIGA S.A
182	27/04/2015	Ampliación contrato de Fromico para a limpeza do CPI de Vedra durante 9 días por licenza concedida a traballadora municipal do servizo de limpeza
183	27/04/2015	Delegación no concelleiro don Rogelio Lema para asistencia a sesión do Refuxio de Animais
184	28/04/2015	Contratación persoal programa RISGA da Xunta
185	28/04/2015	Ampliación intensidade SAF a don Antonio Sánchez Souto
186	28/04/2015	Incorporación SAF -Dependencia de dona Lourdes Pallares Ríos
187	28/04/2015	Redución intensidade SAF a dona Mercedes Moure Vilanova
188	29/04/2015	Autorización corte vías municipais para a festa da Orella de San Fins
189	29/04/2015	Modificando orzamento Obradoiro de Emprego Boqueixón -Vedra
190	29/04/2015	Requirindo limpeza de finca en Neira de Abaixo propiedade de don Ramón Rodríguez Rodríguez
191	29/04/2015	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda sita en Sarandón num. 27 - San Miguel de Sarandón
192	29/04/2015	Aprobación proxecto aforro e eficiencia enerxética alumado público de Vedra
193	29/04/2015	Axudas fondo social do persoal municipal 1º cuadrimestre 2015
194	30/04/2015	Alta SAF -Dependencia de don David Mareque Barreiro
195	30/04/2015	Designación técnico Mesa de Contratación da obra de <i>Aglomerado tramo urbano en Ponte Ulla do PAI 2015</i>
196	30/04/2015	Alta padrón municipal de habitantes de don Javier Fernández Aneiros
197	30/04/2015	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de <i>Creación de infraestruturas de uso público: dous parques destinados á infancia en Vedra</i>
198	30/04/2015	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de sumidoiros en



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		San Xián de Sales e San Fins de Sales do POS 2015
199	30/04/2015	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo correspondente á vivenda núm. 22 de Gatente -Trobe
200	30/04/2015	Adxudicación obra de prolongación da rede municipal de auga potable ata San Mamede de Ribadulla a Construcciones Boqueixón, S.L con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Acordo, se procede, sobre aceptación de ben.

Dáse conta da comunicación núm. 480/15 da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre Resolución do Presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) do 20 de abril, polo que se lle cede ao concello, a propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito, do seguinte ben inmovible, de carácter patrimonial, con destino a usos dotacionais relacionados co cemiterio parroquial:

Parcela 1016 do polígono 507 da zona de concentración parcelaria de San Mamede e Santa Cruz de Ribadulla, no concello de Vedra (A Coruña), cunha extensión superficial de vinte e dúas áreas e vinte e tres centiáreas. Limita norte con parroquia de Santa Cruz de Ribadulla (1017), sur con camiño, leste con camiño, e oeste con camiño.

Sobre esta parcela sitúase un depósito e está cruzada por unha condución subterránea de auga para usos domésticos. Ref. Catastral 15090A507010160000AB.

En función do establecido nos artigos 10 e 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, do 13 de xuño), proponse:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión da propiedade, mediante adxudicación directa e a título gratuito do ben inmovible con referencia catastral 15090A507010160000AB, sito en Santa Cruz de Ribadulla para destinalo a usos dotacionais relacionados co cemiterio parroquial.

SEGUNDO. Aceptar as demais condicións da cesión.

7.2.- Solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Dáse conta da Orde do 22 de abril de 2015 pola que se establece as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (RD115A) (DOG núm. 79/15, do 28 de abril)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

7.3.- Convenio marketing Concello de Vedra - Editorial Compostela.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vedra - Editorial Compostela para o desenvolvemento dunha campaña de marketing e publicidade do concello en diferentes medios do Grupo Correo Gallego durante o exercicio 2015, consistente na inserción de anuncios publicitarios en El Correo Gallego -Terras de Santiago por un montante global de 10 módulos, cuxo importe ascende á cantidade de tres mil (#3.000,00#) euros, IVE engadido, a pagar mensualmente a razón de 250,00 euros, IVE engadido.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

Conclúe ao fío das catorce horas e dez minutos.